

## **BASES DO CONCURSO DE ADORNOS**

### **“NADAL NO PEREIRO”**

#### **1. OBXECTO:**

O Concello do Pereiro de Aguiar presenta a VII edición do Concurso de adornos de Nadal, iniciativa enmarcada no proxecto “**Nadal no Pereiro**” . Os adornos que se presenten deben ter un tamaño axeitado para decorar a árbore de Nadal que se colocará na da Biblioteca

#### **2. PARTICIPANTES:**

Poden participar todos os veciños e veciñas do Concello, de calquera idade.

Establécense dúas categorías:

- a) **Categoría infantil**, nenos e nenas de entre 1 e 16 anos.
- b) **Categoría de adultos**, a partir de 17 anos.

#### **3. XURADO:**

O xurado estará formado por persoal do Concello alleo á organización.

#### **4. VALORACIÓN:**

A partir do 5 de decembro, os participantes poderán levar o seu adorno á Biblioteca Municipal, onde se identificarán oportunamente. O horario de entrega será de 10.00 a 14.30h. e de 16.00 h.. a 19.45 h.

**A data límite para participar e colocar o adorno será o día 17 de decembro.**



Para a valoración dos elementos decorativos de Nadal, o xurado terá en conta os seguintes criterios:

- a) Deseño.
- b) Orixinalidade.
- c) Utilización de recursos reciclados ou da natureza.

Cada membro do xurado puntuará a decoración de 1 a 5 puntos. A suma de todos os puntos, dará lugar aos gañadores do concurso.

O fallo do xurado será o día **19 de decembro**, sendo este inapelable. Os participantes comprométense a aceptar a decisión do xurado.

Os gañadores comunicaranse a través da web do Concello, e por vía telefónica.

#### **5. MATERIAIS QUE SE PODEN EMPREGAR:**

Cada participante pode presentar un máximo de **dous adornos** que deben ser de elaboración propia, é dicir, non poden mercarse como tal. Os adornos deben ter relación coas datas de Nadal, e os participantes terán plena liberdade en canto a técnica, os materiais e o estilo a empregar.

#### **6. PREMIOS:**

- **Categoría infantil:** Lote de libros.
- **Categoría adultos:** premio de 50 euros.



**7. ENTREGA DE PREMIOS:**

O 5 de xaneiro no Auditorio dos Gozos, coa recepción dos Reis Magos. No caso de non poder asistir, recolleranse posteriormente na Biblioteca Pública.

Máis información na web do concello: [www.concellopereiro.com](http://www.concellopereiro.com) , na Biblioteca Pública, no enderezo electrónico [cultura@concellopereiro.com](mailto:cultura@concellopereiro.com) ou nos teléfonos de contacto 988 25 98 39 e 685 52 85 38.

No Pereiro de Aguiar, na data da sinatura  
electrónica. O alcalde.

Luís Menor Pérez.

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE**

